



## ACORDO ENTRE O GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA E O GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA OS ORZAMENTOS DO 2022

---

Na actual situación económica e social é imprescindible que as distintas forzas políticas representadas na corporación de Santiago de Compostela se esforcen en acadar acordos comúns que supoñan un pulo para a recuperación de Compostela, mentres a sociedade no seu conxunto loita por ir saíndo da situación pandémica causada pola COVID-19 e as súas variantes.

A vontade de diálogo, de acordo, da procura de espazos nos que todas e todos nos sentimos reflectidos e que sintamos como propios, deben ser sempre a máxima da política. Por iso os grupos municipais do Partido Socialista de Galicia e Compostela Aberta, mantivemos un diálogo construtivo, pensando sempre no interese do noso municipio, e na mellora das vidas das nosas veciñas e veciños.

Seguimos apostando polas políticas públicas locais como ferramenta imprescindible para avanzar cara a xustiza social que logre rematar con todos os tipos de desigualdade que sofre a nosa sociedade. Tamén cremos que esta recuperación non pode realizarse sen axudar aos sectores máis afectados pola crise da COVID-19 e sen deixar a ninguén atrás. Así mesmo, para lograr ditos obxectivos, vemos imprescindible acadar unha administración máis moderna e conectada coa cidadanía, á vez que se prestan novos e mellores servizos. E tamén concordamos na necesidade de ir construíndo as bases do Santiago de Compostela do futuro.

Este acordo estrutúrase en **tres eixos fundamentais** que explican os obxectivos para avanzar en:

- I. Unha **base sólida e común** para lograr a **recuperación económica e social** de Santiago, pensando na cidade que queremos no futuro, reflectida na proposta dos orzamentos, e compartida por ambas formacións. Tal e como aconteceu nas negociacións do acordo de orzamentos para o ano 2020, vólvese a constatar que de partida, entre ambas formacións existen unha serie de encontros como resultado dunha visión con puntos concordantes sobre cuestións fundamentais para a cidade en diferentes ámbitos:



**Políticas sociais e de igualdade:** mantense unha liña de compromiso orzamentario coas medidas sociais desenvolvidas nos últimos anos no Concello de Santiago. Falamos da continuidade da Ordenanza de Garantía Básica, dunha maior dotación para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) alcanzando os 3.680.048,080 €, ou da consolidación e mellora das políticas de igualdade con toda a programación de actuacións da *Casa das Mulleres Xohana Torres*.

**Instalacións educativas:** para ambos grupos municipais é necesario e urgente retomar as actuacións de mellora nas diferentes dotacións educativas dependentes do Concello de Santiago. Concretamente actuacións sobre a accesibilidade nos CEIPS (desnivel da zona de entrada do edificio do CEIP Arquitecto Casas Novoa, actuacións de mellora da accesibilidade na entrada do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, ou acondicionamento do actual almacén e mellora do asfalto do patio traseiro do CEIP de Roxos) cun orzamento total de 150.000 €. A maiores, tamén destaca a ampliación e remodelación dos parques infantís nos CEIPS Pío XII, Arquitecto Casas Novoa e CEIP de Roxos, cun orzamento de partida de 40.000 €. Así mesmo durante o ano 2022 abordárase unha solución que permita o peche das pistas que se usan para os recreos e educación física no CEIP López Ferreiro.

**Mellora nos barrios:** as dúas formacións consideran, e así o reflicte o proxecto de orzamentos elaborado, que se debe facer un esforzo nos investimentos do núcleo urbano do noso municipio, comezando por continuar coas actuacións necesarias de mantemento dos pavimentos e rehabilitación dos firmes das vías públicas, consignando en principio, para iso, unha partida de 2.000.000 €. A necesaria reurbanización de varias rúas dos barrios da nosa cidade, concretamente da rúa de Mallou, rúa do Pombal, rúa do Castrón Douro, ruela das Salvadas, Meixonfrío e as fases 1 das melloras integrais dos barrios de Vite e da Pontepedriña, consignando para todas estas actuacións un orzamento total



2.721.979,60 €. E continuarásse co plan de rehabilitación de fontes deterioradas, cun orzamento previsto de 50.000 €.

**Investimentos no rural:** ambas formacións respectamos o Pacto polo Rural, e os contidos que nel se recollen, por iso continúan a comprometerse investimentos destinados ás parroquias do rural de Santiago. Destinarase toda a asignación do Plan Único (POS+ 2021 e POS 2022) da Deputación da Coruña a investimentos para o rural (falamos dun orzamento de 1.593.068,54 € dos cales, 1.372.826,71 € proceden da achega da Deputación provincial e 220.241,92 € proceden da achega municipal). Destinarase a maiores, 1.000.000 € para rehabilitación de pavimentos de vías rurais, é 841.309,48 € para investimentos en infraestrutura de saneamento. Todo isto xunto con outras actuacións detalladas no anexo de investimentos, suporá un investimento total no rural de Compostela de 3.804.378,02 €, un incremento dun 56,02% respecto do previsto para o ano 2021.

**Equipamentos deportivos:** continúa sendo prioritario o investimento en infraestruturas deportivas, tanto para a conservación das existentes como para a construción daquelas derivadas das novas demandas da cidadanía. Neste sentido, no proxecto de orzamentos prevese, entre outras, a partida de 650.000 € para a remodelación da pista de atletismo do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e outra partida de 250.000 € para unha actuación integral no pavillón municipal do Pío XII. Así mesmo durante o ano 2022 redactaranse os proxectos para unha nova piscina municipal en Santa Marta e para a Cidade da Raqueta.

**Plan de reindustrialización:** seguindo os acordos do Foro Cívico e a liña iniciada no mandato anterior, o Concello de Santiago continuará a impulsar decididamente o Plan de reindustrialización para que Compostela sexa líder nos sectores da biotecnoloxía e da madeira, fixando tecido produtivo e emprego de calidade nesas áreas. Un proxecto coordinado coa Xunta, coa Universidade de



Santiago de Compostela, co tecido empresarial e cos axentes sociais, para desenvolver con urxencia un hub biotecnolóxico e da madeira no polígono da Sionlla.

**II. Proseguir co cumprimento dos acordos anteriores** aínda non executados e recollidos no documento “Acordo Orzamentario do 2020”. O contexto social, económico e político mudou substancialmente coa chegada da COVID-19 que alterou as urxencias e as necesidades de forma significativa. Este realidade precisou dunha reposta rápida e efectiva por parte da administración local, que tivo que dispoñer de recursos e medidas de forma urxente para facer fronte a situacións que nunca se viviran na nosa cidade. Goberno e oposición foron quen, neses momentos, de entenderse e acordar unha serie medidas para a reactivación e recuperación social e económica que demandaba a sociedade.

Dous anos despois, o cumprimento do anterior acordo entre os grupos municipais de Compostela Aberta e do Partido Socialista acada hoxe un grao de realización importante, no obstante recupérase novamente o compromiso orzamentario con aquelas medidas que se executarán no próximo ano:

- 1. A integración da Praza do Matadoiro** no Parque de Belvís, cunha dotación orzamentaria de 225.000 €.
- 2. Cuberta do pavillón municipal do CEIP Quiroga Palacios**, cunha dotación orzamentaria de 420.000 €.
- 3. Parques biosaudables**, cunha dotación orzamentaria de 153.000 €.
- 4. Humanización do Campus**, a través dos fondos consignados para tal destino na EDUSI, 419.392 €.
- 5. Plan de accesibilidade universal**, para a mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas nos distintos barrios da cidade. Esta actuación contará cun orzamento de 300.000 €.



**III. Novos acordos** na procura de espazos comúns mais amplos, con outras medidas de cara á recuperación de Compostela. No diálogo mantido no último mes entre os dous grupos municipais, Compostela Aberta vén de propoñer unha serie de actuacións que o Partido Socialista concorda que son axeitadas e que se axustan á acción política desenvolvida polo Goberno Municipal actual:

- 1. Vía verde de Compostela:** incorpórase unha partida de 300.000 € para executar a parte da Vía Verde que discorre polo termo municipal de Santiago, e que é o único tramo desta infraestrutura pendente de iniciarse. No caso de non obterse a subvención do IDAE solicitada para o acondicionamento do tramo compostelán da Vía Verde, o Goberno debe comprometerse a habilitar unha partida dentro dos orzamentos municipais ou con cargo aos remanentes de 2021 para que este proxecto, longamente agardado e desbloqueado por fin no pasado mandato, non quede incompleto.
- 2. Novos orzamentos participativos:** retomárase a participación directa da cidadanía para decidir a onde se destina parte do orzamento municipal a través duns novos orzamentos participativos, que xa foran impulsados e consolidados no anterior mandato municipal. Incorporárase unha partida de 247.534 € para dito programa.
- 3. Plan municipal de canguraxe:** o Goberno Municipal impulsará un programa que facilite a conciliación e a garantía dos coidados, que comprenda un servizo de atención á infancia no domicilio ou de acompañamento; e un servizo con espazos acondicionados para a atención en diversos centros cívicos, pavillóns ou ludotecas, e que priorice as unidades familiares con menos recursos e con necesidades asociadas á conciliación. O novo programa estará dotado, inicialmente, cunha partida de 60.000 €. Ademais, poderíase desenvolver en colaboración con outras administracións.



4. **Plan municipal de xuventude:** a mocidade é un dos sectores poboacionais máis afectados pola pandemia, e urxen respostas, tamén por parte da administración municipal. Prevese unha partida de 35.000 € que permitirá redactar os pregos para a licitación dun “Plan Municipal de Xuventude”, e a posta en marcha dunha primeira fase.
5. **Reactivación para o barrio de San Pedro:** dentro do próximo programa de “Bonos Corazón Compostela 2022” articularanse uns bonos específicos para o comercio e a hostalaría do ámbito do barrio de San Pedro; cunha dotación prevista para esta actuación específica de 75.000 €. Esta contía xa se aprobou inicialmente en Xunta de Goberno.
6. **Repensar o modelo turístico,** impulsando unha reflexión colectiva e ampla sobre a actividade turística a través dun ‘Foro Cidadán sobre a Convivencia e o Turismo’ e un ‘Observatorio de Sustentabilidade Turística’ ademais de fortalecer o plan de inspección de pisos turísticos

Por todo o anteriormente exposto, e comprometéndose a efectuar os acordos descritos neste documento, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela do **PSdeG-PSOE** e de **Compostela Aberta** rubrican o presente acordo.

No Pazo de Raxoi o 18 de xaneiro do 2022,

O portavoz do grupo municipal do  
**Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE**

*Gumersindo Guinarte Cabada*

A portavoz do grupo municipal de  
**Compostela Aberta**

*Marta Lois González*